

EIXES TRANSVERSALS

EIXO DE ACCIÓN 2

EMPREGO

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Fomentar a inserción laboral dos mozos e mozas a través de diferentes programas e incentivos para a súa contratación

Medida 1. Incentivos á contratación por conta allea da mocidade galega

D. X. de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 482.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A mellora da empregabilidade da mocidade galega mediante o fomento da contratación de mozos e mozas de trinta ou menos anos de idade por parte das empresas, tanto a contratación indefinida inicial, como a transformación de contratos temporais en indefinidos e a contratación temporal dos mozos e mozas en situacións de risco ou en risco de exclusión social.

Medida 2. Programas de cooperación con entidades locais

D. X. de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

Medida 3. Programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Persoas beneficiarias: 2839 (entidades locais) e 564 (órganos e organismos das administracións públicas distinta da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro).

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A mellora da empregabilidade mediante a adquisición de experiencia laboral que facilite a posterior inserción laboral. Galicia



Medida 5. Programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo

DX. de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 8.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A incorporación da mocidade galega que estea en situación de desemprego ou sexa traballador/a con carácter temporal como socios/as traballadores/as ou no traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

Medida 6. Axudas para a contratación de xestores en exportación (IG166)

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Persoas beneficiarias: 3.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A incorporación de mozos/as especialistas de comercio exterior en empresas galegas para beneficio mutuo, a través da inserción laboral e apoio a internacionalización.

**OBXECTIVO OPERATIVO 3**

Facilitar a adquisición das competencias necesarias para axilizar a incorporación da mocidade a un emprego estable e de calidade

Medida 1.a. Convenios de colaboración con colexios profesionais:
Colexio profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 8100.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: A formación das persoas mozas para unha navegación segura en internet. Así como, a difusión dos beneficios do programa Abalar.

Medida 1.b. Convenios de colaboración con colexios profesionais:
Colexio profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 301.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados:

- A realización de seminarios de informática xudicial, peritaxe técnico e proba electrónica.
- A formación sobre peritaxes informáticos.
- A realización dun seminario sobre cómo xerar negocio con aplicacións móbiles.
- A realización dun seminario sobre a Lei de Protección de Datos nas redes sociais.



**Medida 3. Bolsas para prácticas na Fundación Galicia Europa en temas relacionados co UE**

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 6.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A formación en asuntos europeos dos mozos e mozas galegos.

Medida 4. Bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 6.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A adquisición de coñecementos prácticos relacionados coa actividade empresarial.

Medida 6. Liñas de axuda para bolsas de formación en prácticas nos centros de formación e experimentación agroforestal e en empresas relacionadas co sector agroforestal e alimenticio e en unidades da Secretaría Xeral de Medio Rural e MontesD.X. de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais
(Consellería do Medio Rural e do Mar)

Persoas beneficiarias: 55.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A práctica en centros de formación e experimentación agroforestal para as persoas tituladas e alumnos/as de segundo curso en ensinanzas de formación profesional, facilitando a súa futura inserción laboral

**Medida 7. Bolsas de estudo para estudantes de xornalismo**

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 8.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O apoio a formación complementaria de estudantes de xornalismo e comunicación audiovisual, a través de bolsas de estudo que facilita o seu achegamento ao mercado laboral.

Medida 9. Bolsas de formación para as persoas tituladas en ciclos formativos de acuicultura

Consellería do Medio Rural e do Mar

Persoas beneficiarias: 4.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A realización de formación en centros de traballo para posibilitar o acceso a vida laboral do alumnado que cursa ciclos formativos de acuicultura.

Medida 10. Bolsas de formación en biblioteconomía

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Persoas beneficiarias: 33.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A formación teórico-práctica dos/as futuros/as bibliotecarios/as da Rede de Bibliotecas de Galicia .



**Medida 12. Curso de Certificado de percebeiro/a, mariscador/a e mergullo profesional**

Consellería do Medio Rural e do Mar

Persoas beneficiarias: 525.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A habilitación para o acceso as prazas de percebeiro/a, mariscador/a e mergullador/a dos mozos e mozas galegos/as, a través de cursos de formación.

Medida 14. Bolseiros/as de promoción exterior

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Persoas beneficiarias: 13.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A formación de especialistas no ámbito internacional á vez que realizan prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega.

**Medida 15. Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais"**

Fundación Galicia Europa



Persoas beneficiarias: 250.

Tipo de actividade: Publicacións.

Obxectivos acadados: O coñecemento da oferta formativa na Unión Europea e outros organismos internacionais, así como encamiñar a carreira profesional da mocidade.

Medida
Nova

Medida 16. Convenio coa USC e coa UVigo para acoller alumnado en prácticas na oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 4.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A familiarización coa actualidade comunitaria e a xestión de proxectos europeos, así como coas actividades desenvolvidas pola Fundación Galicia Europa.

Medida
Nova

Medida 17. Consultas sobre saídas profesionais

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 50.

Tipo de actividade: Outras (información).

Obxectivos acadados: A resposta a consultas de mozos e mozas galegos e galegas sobre prácticas e saídas profesionais na UE e en organizacións internacionais...

OBXECTIVO OPERATIVO 4

Mellorar a cualificación profesional a través de servizos de información e formación actualizada e especializada para a mocidade en situación de desemprego

Medida 1/Medida 2. Itinerarios de inserción e Orientación Laboral

D.X. de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 25.716.

Tipo de actividade: Outras (orientación).

Obxectivos acadados: A mellora das posibilidades de ocupación, a través de accións de información e orientación laboral articuladas a través de itinerarios personalizados de inserción profesional.



**Medida 3. Programas mixtos de formación e emprego**

D.X. de Emprego e Formación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 81.

Tipo de actividade: Outras (inserción).

Obxectivos acadados: A mellora da empregabilidade e inserción laboral, a través da posta en marcha de obradoiros de emprego que combinan accións de formación profesional para o emprego e a realización dun traballo real e productivo en actividades de utilidade pública e/ou interese xeral.

Medida 4. Formación para o emprego de persoas ocupadas e desocupadas

D.X. de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 7584.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A mellora da cualificación das persoas ocupadas e desocupadas, a través da formación ou ben para mellorar o seu desempeño profesional (no caso das persoas ocupadas) ou para aumentar as súas posibilidades de empregabilidade (no caso das persoas desempregadas).

Medida 5. Cursos dirixidos a voluntarios e voluntarias do sistema de protección civil de Galicia

Academia Galega de Seguridade Pública

Persoas beneficiarias: 3152.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A mellora da empregabilidade, a través da incorporación de mozos e mozas ao sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia..



**Medida 7. Centros ocupacionais para persoas con discapacidade**

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1804.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A promoción da autonomía persoal e a atención psicosocial, a través da integración sociolaboral e o desenvolvemento da autoestima, sempre manténdoo no seu medio habitual, evitando a institucionalización das persoas con discapacidade

Medida 9/10. Programa de formación profesional de persoas con discapacidade

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 32 persoas con discapacidade

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A adquisición de competencias que capacitan ás persoas discapacitadas para aumentar a súa inserción.

**Medida 9/10. Programa de formación ocupacional dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas**S.X. de Política Social
(Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 38 persoas con discapacidade gravemente afectadas.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A adquisición dunha maior independencia en persoas con discapacidade física gravemente afectadas, a través da potenciación de capacidades persoais e a aprendizaxe de actividades ocupacionais relacionadas coas TIC.

**Medida 11. Programas integrados para o emprego**

D.X. de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1069.

Tipo de actividade: Información, orientación, formación e intermediación laboral.

Obxectivos acadados: A mellora da ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen as accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral e mobilidade xeográfica.

Medida 12. Programa de apoio ao desenvolvemento integral das persoas con discapacidade (formación ocupacional)S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar) e
COGAMI

Persoas beneficiarias: 70.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A capacitación de persoas con discapacidade a través de actividades formativas de carácter básico ocupacional.